

TEMA: DIALECTOLOXÍA

As linguas non se manifestan uniformes, senón diversificadas. Unha lingua é un sistema de signos suxeito a unas normas e unas regras. Este sistema de signos é unha entidade abstracta que se concreta nun acto de fala ou de escrita. A fala e a escrita son, pois, dúas modalidades dunha mesma lingua. O nivel de perfección escrita depende do grao de coñecemento que o individuo ten desa lingua, mentres que o nivel de fala só depende das posibilidades fisiolóxicas do individuo para emitir sons, e en menor medida das súas competencias intelectuais e de formación. A máis formación, máis posibilidades de comunicarse máis e mellor. A fala, polo tanto, depende moito das condicións do individuo (formación, situación, lugar de procedencia). É por iso que as linguas no nivel falado se mostran moi diversificadas e unha das causas desa diversificación é a xeográfica. Dependendo, pois, de onde un é, falará unha lingua cunhas características ou con outras. Esas modalidades idiomáticas reciben o nome de dialectos, aínda que o caso do galego hai que falar de “bloques”, que se dividen en áreas e estas en subáreas.

As diversidades idiomáticas debidas a causas xeográficas tamén se denominan variedades diatópicas e sintópicas.

1. Bloques e áreas dialectais.

En Galicia chamamos bloques ás diversas modalidades xeográficas do galego. Os dialectólogos establecen a existencia de tres bloques divididos polas isoglosas (liña divisoria imaxinaria) *pantalóns/pantalós* e *pantalós/pantalois*. Ao occidente da isoglosa *pantalóns/pantalós* estaría o galego occidental. Ao oriente da isoglosa *pantalós/pantalois* estaría o galego oriental. Entre as dúas isoglosas estaría o galego central.

-Bloque Occidental: comprende as partes occidentais da provincia da Coruña e Pontevedra. A zona presenta os trazos máis innovadores e caracterízase por:

- a) Facer o plural das palabras rematadas en –n engadindo –s: can, cans.
- b) Presentar zonas de seseo total e/ou parcial: lus (implosivo ou parcial), zapato; lus, sapato (seseo explosivo ou total). O seseo explosivo é máis propio das zonas costeiras.
- c) Posuír gheada.

d) Rematar en –án tanto para masculino como para feminino nas desinencias patrimoniais do sufixo latino –ANUM, -ANA: meu irmán, miña irmán.

e) Posuír pronome suxeito Ti

f) Presentar o ditongo –oi como maioritario.

No bloque occidental distínguense varias **áreas**:

-Área Fisterrá: seseo explosivo, cheísmo (sapato, vinche na feira). Comprende as subáreas do Xallas e do Tambre-Barbanza.

-Área Bergantiñá: seseo parcial e sen cheísmo (zapato, lus e vinte na feira)

-Área Pontevedresa: seseo explosivo, teísmo no Baixo Miño (sapato, deite un regalo). Comprende as subáreas do Ulla-Umia, a do Verdugo e a do Miño.

-Bloque central: comprende zonas orientais das provincias da Coruña e Pontevedra e case toda a provincia de Lugo e Ourense (agás a parte oriental), caracterízase por:

a) Facer o plural das palabras rematadas e –n, cambiando o –n por –s: can, cas.

b) Non presentar seseo

c) Gheada só na parte occidental.

d) Presentar ditongo –oi.

e) Solucións –ao/á para os sufixos latinos –ANU/-ANA: irmao/irmá

f) Pronome de 2ª persoa: ti, na parte occidental e tu, na parte oriental.

As **áreas** que podemos distinguir no bloque central son:

-Área Mindoniense (norte de Lugo e nordeste da Coruña): nosoutros, vosoutros (en vez de nós, vós), distingue lle de lles, formas seña, esteña (analóxicas de teña). Presenta dúas subáreas: occidental e oriental. Comprende as subáreas occidental e oriental.

-Área Lucu-auriense (metade sur de Lugo e maior parte de Ourense): demostrativos de ise-iste-aquil, artigo il, culle, bibe en vez de colle e bebe...Presenta as subáreas lucense e auriense. Comprende a subárea da Limia Baixa.

-Área central de transición: solucións –án/-á para masculino e feminino, respectivamente.

-Área oriental de transición: ditongo –ui (muito)

-Bloque oriental: comprende o galego exterior (occidente de Asturias, León, Zamora e leste de Lugo e Ourense), caracterízase por:

a) Facer o plural das palabras rematadas en –n, cambiando –n por –is: cans, cais.

b) Non presentar seseo.

c) Non posuír gheada.

d) Conserva os grupos iniciais cua-, gua-: cuando, guarda.

e) Vacilación na ditongación dos grupos –ult, -uct: moito/muito/mutio, troita/truita/truta.

f) Paso de /ai/ a /a/ seguido de (x): caxa, baxa en vez de caixa, baixa.

g) Sufixo ou terminación –ín en vez de –iño: camín, paxarín.

h) Pronome de 2ª persoa –tu.

i) Áo/á: irmao, irmá

No bloque oriental distínguense as seguintes **áreas**:

- Área asturiana: conservación do (-l) intervocálico (avolu), as desinencias –iños/iñas pasan a -íus/-ías (paxaríus, paxarías), artigo determinado masculino l'/el, feminino l'/a, neutro lo (l'amigo, el río, l'herba, a casa, lo mesmo), artigo indeterminado feminino úa, con indefinidos algúa, ningúa alternando con unha, algunha, ningunha, demostrativos esos, estos, aqueles, posesivos meu, tou, sou, mía, túa, súa.

- Área ancaresa: vogais nasais, gheada, cheísmo.

- Área zamorana: vacilación nos ditongos oi /ou e ausencia do mesmo (noite, noute, truta, mutou), teísmo (non te digo), terminación –iño (camino, paxariño), pronome o, a, os, as despois de forma verbal rematada en ditongo decrecente (seio, seia, haio, haias...), ausencia da consoante (-n) na 1ª persoa dos perfectos (collí, partí, fice...).